



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 10/2019 DO PLENO REALIZADA O DÍA 13-12-2019

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as doce horas e sete minutos do día trece de decembro de dous mil dezanove reúnense, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

### ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)  
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)  
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)  
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Ramón José Dopico Martínez (PP)  
Juan Manuel Freire Golpe (PP)  
José Otero López (PP)  
Remigio Pérez Bao (PP)  
José Ángel Roca Díaz (PP)

### AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 18-10-2019. Ao inicio da sesión repártense aos portavoces dos grupos municipais os seguintes libros:

- Guía para o uso do galego na Administración local (2019-2023): recibido da Mesa pola Normalización Lingüística.
- Guía del Concejal (edición revista QDL): recibido da Deputación Provincial da Coruña.

Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión extraordinaria de 18-10-2019.

2. PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2020. Dáse conta da circular da Deputación de A Coruña, sobre das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos POS+ 2020). O importe efectivo do plan é de 169.016,85 €, xa que non se participa do préstamo provincial asignado (124.277,10 €), debido aos problemas que provoca na estabilidade orzamentaria municipal.

O sr. Boado (BNG) manifesta que hai pouca diferenza entre investimento e gasto corrente; por parte do sr. Alcalde (PP) indícase que o gasto corrente é imprescindible para o bo funcionamento do concello e non merma especialmente inversora do concello.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Tras o breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

## A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>	0,00	0,00	0,00

## B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2020	59.896,76 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	59.896,76 €

## C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Deputación	Concello	Orzamento total
Asfaltado de viales en Meimón y Os Chaos		76.186,66 €	0,00 €	76.186,66 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>		76.186,66 €	0,00 €	76.186,66 €

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos “financeiramente sostibles”)		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Sustitución de canalones en el Pabellón deportivo	342	32.933,43 €	0,00 €	32.933,43 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>		32.933,43 €	0,00 €	32.933,43 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración		Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>		0,00 €	0,00 €	0,00 €



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Aprobar os proxectos das obras incluídas no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas, redatados por Victorino Corral Rodríguez (técnico municipal e arquitecto técnico).

### D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		0,00 €

### E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0,00 €		0,00 €
	Achega 2020	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	59.896,76 €		59.896,76 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C.- INCREMENTOS	Achega 2020	76.186,66 €	0,00 €	76.186,66 €
	Achega 2019	32.933,43 €	0,00 €	32.933,43 €
	Préstamo 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2020	136.083,42 €	0,00 €	136.083,42 €
	Achega 2019	32.933,43 €	0,00 €	32.933,43 €
	Préstamo 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	169.016,85 €	0,00 €	169.016,85 €

2. Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 50% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
ENSANCHE Y MEJORA CAMINO PUBLICO ARUFE-CHURIO	453	30.588,72 €
MEJORA DE FIRME EN VIAL FRAGA REDONDA Y OTROS	453	43.085,10 €
MEJORA DE FIRME EN O PENEDO, FIEITAL, CASANOVA Y OTROS	453	72.973,16 €
<b>TOTAL</b>		<b>146.646,98 €</b> (50,00%)

3. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás no relativo ao proxecto de Ensanche y mejora camino público Arufe- Churío, no cal iniciárase inmediatamente un expediente expropiatorio para obter os terreos das 4 parcelas que faltan por ceder.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.
5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
7. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### 3. APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA.

Dáse conta da necesidade de normativa municipal para regular a xestión do programa xantar na casa, unha vez consumado o proceso de adhesión (31-7-2019) e inicio da prestación do servizo, así como do informe de secretaria-intervención sobre o asunto.

A continuación prodúcese un debate sobre o proceso de elaboración e reparto das comidas e as porcentaxes de aportación.

Tras o breve debate, e previa votación ordinaria con resultado de unanimidade de 9 votos favorables, declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. Apróbase inicialmente o "regulamento do programa xantar na casa", a cal se transcribe no anexo do presente acordo.
2. O presente acordo exporase ao público, mediante anuncio no BOP e taboleiro de edictos municipal, polo prazo legal de 30 días hábiles, ao obxecto de reclamacións e suxestións. Se durante tal prazo non se produciren reclamacións, sen necesidade de novo acordo, o presente elevarase automaticamente a definitivo.
3. Tras a aprobación definitiva da ordenanza, publicarase o texto íntegro da mesma no BOP, aos efectos de entrada en vigor.

### ANEXO

#### REGULAMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE IRIXOA

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

O Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda no seu artigo 4.2 aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e galegas na vida económica, cultural e social; e no apartado 23 do artigo 27 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2.e) que o municipio exercerá como competencia propia, nos termos establecidos na lexislación do Estado e Comunidades Autónomas, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situacións ou risco de exclusión social; sendo servizo obrigatorio en todo caso, segundo establece o artigo 26.1.c) para os municipios con poboación superior aos 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4 establece que os principios dos servizos sociais rexeranse, entre outros, polos principios de universalidade, prevención, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización, coordinación e planificación, descentralización e proximidade e calidade de vida. Ademais no capítulo II da lei faise referencia ao catálogo de servizos sociais, e concretamente no artigo 20 defínense os servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, contemplando dentro destes, no punto d) o servizo de axuda no fogar e no punto g) a manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria.

Seguindo coa Lei de servizos sociais de Galicia, o artigo 29.1, que foi modificado pola Lei 8/2016 de 8 de xullo, establece as "Formas de prestación dos servizos sociais", establecendo que os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) xestión directa; b) xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público; c) mediante réxime de concerto social previsto na lei; d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.

Na orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, xa se fai referencia no artigo 3.2.c) que un dos obxectivos do servizo de axuda no fogar é favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio; e no artigo 4.1.c) establece como unha das atencións de carácter básico a preparación de alimentos, podendo ser facilitado este tipo de servizo por programas específicos de alimentación a domicilio.

O Concello de Irixoa adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de convenio asinado con data 31 de maio de 2019 e manifestou a súa vontade de formar parte da implantación do programa "Xantar na Casa".

En base a isto, e co fin de proceder ao desenvolvemento do citado programa no concello, ambas partes asinan en data do 31 de xullo de 2019 un "Convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa Xantar na Casa", concibindo este programa como un servizo de atención aos colectivos de persoas maiores e persoas en situación de risco de exclusión coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, prestando un apoio dentro do propio domicilio, no que se atopan cunha serie de limitacións e que lles impide ter unha adecuada cobertura alimenticia.

Este servizo proporciona a posibilidade de complementar o servizo de axuda no fogar que presta o Concello de Irixoa, e atender ás necesidades relacionadas coa alimentación de persoas maiores e a colectivos de risco de exclusión social que precisen do servizo. Isto permite manter ao máximo tempo posible a propia capacidade de independencia e autonomía,



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

posibilitando a permanencia nos seus propios fogares nunhas condicións aceptables, prestar máis atención e coidados ás persoas que o precisen no seu propio contorno, evitar o desarraigo ou retardar posibles institucionalizacións.

En base a este convenio elaborase o seguinte regulamento.

## TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O programa “xantar na casa” artéllase a través da xestión por parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar Social en colaboración coa Consellería de Política Social e co Concello de Irixoa a través dun convenio de colaboración.
2. É obxecto do presente regulamento establecer o procedemento para a concesión do servizo de xantar na casa as posibles persoas beneficiarias do Concello de Irixoa.

Artigo 2. Finalidade.

O programa “Xantar na casa” é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, ademais de cubrir as necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Artigo 3. Obxectivos.

1. O obxectivo principal é mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas beneficiarias, e tamén das súas familias, manténdolas no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización.
2. Os obxectivos específicos son:
  - a) Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
  - b) Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas beneficiarias por teren unha dieta inadecuada.
  - c) Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de preparación e elaboración da comida.
  - d) Facilitar un respiro ás familias e ós coidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral.
  - e) Facer un seguimento individualizado de cada situación por parte dos profesionais que interveñen no servizo.

## TÍTULO II: PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 4. Persoas beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias do programa “xantar na casa” as seguintes persoas:

- a) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.
- b) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e que requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- c) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.

Artigo 5. Requisitos.

- a) Residir e estar empadroado/a no municipio de Irixoa.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

b) Presentar unha situación de dificultade para desenvolver axeitadamente o proceso de compra, preparación e elaboración de comidas e carecer de posibilidades persoais e familiares que cubran axeitadamente esta necesidade.

d) Existencia de condicións básicas de habitabilidade e salubridade da vivenda, que serán avaliadas tecnicamente polo departamento de Servizos Sociais do Concello de Irixoa.

### TÍTULO III: XESTIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 6. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. A persoa interesada no servizo de “xantar na casa” deberá de presentar a solicitude individual conforme ao modelo establecido oficialmente, que deberá de ir acompañada da documentación requirida.

2. A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de Irixoa de xeito presencial ou a través de sede electrónica ou en calquera outro dos rexistros públicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Recibida a solicitude o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Irixoa realizará a valoración técnica do recurso como o máis idóneo para o/a interesado/a.

Artigo 7. Documentación.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do DNI da persoa solicitante, do representante legal e/ou gardador de feito. No suposto de estranxeiros/as, documento acreditativo da súa identidade.

b) Copia da tarxeta sanitaria.

c) Certificado de empadramento e de convivencia.

d) Copia do certificado de grao de discapacidade, de ser o caso

e) Copia do certificado do grao de dependencia, de ser o caso.

f) Informe médico de atención primaria selado e correctamente cumprimentado conforme ao modelo establecido (imprescindible cubrir o tipo de dieta recomendada).

g) Xustificantes dos ingresos económicos: teranse en conta os ingresos mensuais netos da persoa solicitante.

Cando a persoa solicitante se atope vinculada a outra persoa por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, as rendas de ambos terán consideración de rendas computables entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos dous membros de la parella. Deberá achegarse:

- Certificado de pensións mensuais (viuvez, orfandade, non contributiva...) ou calquera outros ingresos (nómina, paro...) correspondentes ao ano no que se formula a solicitude.

h) Autorización de domiciliación bancaria conforme ao modelo establecido, asinada pola persoa interesada e a entidade bancaria.

i) Compromiso de contrato das persoas beneficiarias do servizo “Xantar na casa” conforme ao modelo establecido.

j) Outros documentos que poidan ser determinantes para a valoración do expediente.

Artigo 8. Procedemento para a concesión do servizo.

1. Presentada a solicitude conforme ao establecido no artigo 6 serán os servizos sociais quen reciban o expediente e comprobén que a solicitude este completa.

2. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días emende os defectos e/ou acompañe os documentos



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 de dito texto legal.

3. Os servizos sociais do Concello de Irixoa realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, avaliando as solicitudes segundo os requisitos e baremo estipulados no presente regulamento.

4. O/a traballador/a social realizará un informe social conforme ao modelo establecido, emitindo a proposta de concesión ou denegación que será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características establecidas no presente regulamento.

5. A resolución-proposta das persoas beneficiarias do servizo de xantar na casa será remitido ao Consorcio conforme ao modelo establecido no convenio de colaboración, ordenada segundo os criterios de selección.

6. A prestación do servizo quedará supeditada en todo momento a existencia de prazas dispoñibles. Unha vez cubertas todas as prazas existentes, as solicitudes pasarán a unha lista de agarda segundo os criterios establecidos no presente regulamento.

7. A prestación do servizo obxecto deste regulamento supeditarase á dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento e á continuidade do programa xantar na casa.

### Artigo 9. Resolución e notificación.

1. De acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as axudas contempladas neste regulamento serán resoltas pola Alcaldía, concedendo ou denegando o servizo solicitado, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, de acordo co previsto na citada norma.

2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións. A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de achega, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou.

A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo dun mes, segundo o sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo de dous meses, segundo o indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### Artigo 10. Derivación e coordinación co Consorcio.

1. Tras a resolución de concesión por parte do órgano competente, o Concello de Irixoa comunicará os datos da persoa interesada ao Consorcio conforme ao modelo establecido, tal e como se indica no artigo 8.5.

2. O Concello de Irixoa agardará a que o Consorcio comunique a data da primeira visita ao domicilio, que se realizará conxuntamente por persoal dos Servizos Sociais do Concello de Irixoa e o persoal de reparto, e agardará á comunicación do inicio de reparto dos xantares, sendo responsabilidade do Consorcio comunicar o inicio da prestación do servizo a:

- a) Empresa adxudicataria, que iniciará o servizo nos 10 días naturais seguintes.
- b) Persoa beneficiaria.





## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

c) Departamento de Servizos Sociais do Concello de Irixoa.

3. No caso de modificacións, baixa voluntaria definitiva ou baixa temporal, os servizos sociais municipais comunicarán ao Consorcio as variacións oportunas para o reparto de xantares, segundo os modelos establecidos no convenio de colaboración asinado.

Artigo 11. Criterios para a baremación das solicitudes.

Os criterios para a baremación das solicitudes do servizo xantar na casa aplicaranse cando se cumpra co establecido nos artigos 4 e 5 do presente regulamento, e faranse de acordo cos seguintes apartados (deberá marcarse unha soa opción dentro de cada apartado):

### 1. UNIDADE DE CONVIVENCIA (máximo 10 puntos)

A persoa vive soa con problemas de mobilidade	10 puntos
A persoa vive soa	8 puntos
Convivencia con menores ou outra persoa con déficits de saúde, recoñecidos medicamente, que lle impiden a prestación da axuda.	6 puntos
Convivencia con persoas sen habilidades para prestar a axuda ou con dificultade para adquirilas.	4 puntos
A/s persoa/s coidadora/s pasan toda a xornada fóra do domicilio por causas laborais ou familiares.	2 puntos
A/s persoa/s coidadora/s están desocupados, sen cargas familiares ou laborais, nin presentan dificultades de saúde que lles impida prestar esta atención.	0 puntos

### 2. EXISTENCIA DE MEMBROS DA REDE INFORMAL DE APOIO (máximo 5 puntos)

Ausencia de relación	5 puntos
Persoas da veciñanza ou amigos	3 puntos
Familia extensa	2 puntos
Fillos/as	1 punto

### 3. DINÁMICA RELACIONAL (máximo 4 puntos)

Relacións conflitivas	4 puntos
Ausencia de relacións	3 puntos
Relacións escasas	2 puntos
Relacións normalizadas	1 punto

### 4. VIVENDA

#### 4.1. CONDICIÓNS DE HABITABILIDADE DA VIVENDA (máximo 4 puntos)

Adecuadas	4 puntos
Amoreamento	3 puntos
Escasas condicións de habitabilidade e/ou carencia dalgún servizo básico	2 puntos

#### 4.2. ACCESIBILIDADE DA VIVENDA (máximo 3 puntos)

Con barreiras no interior da vivenda	3 puntos
Con barreiras no acceso a vivenda	2 puntos
Con adaptacións funcionais	1 punto

#### 4.3. ACCESO A EQUIPAMENTOS E RECURSOS (máximo 2 puntos)

Comunicacións deficientes	2 puntos
Comunicacións básicas	1 punto



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

### 5. SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo 10 puntos, totalidade dos ingresos mensuais netos da persoa solicitante)

Inferior ó 100% iprem	10 puntos
Entre o 100% e o 125% iprem	8 puntos
Entre o 125% e o 150% iprem	6 puntos
Entre o 150% e o 175% iprem	4 puntos
Entre o 175% e o 200% iprem	2 puntos
Máis do 200% iprem	0 puntos

A capacidade económica da persoa usuaria do servizo calcularase tendo en conta os ingresos mensuais netos da persoa solicitante correspondente ao ano no que se formula a solicitude.

Teranse en conta, ademais, o cónxuxe ou parella de feito e as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes:

a) Cando a persoa solicitante se atope vinculada a outra persoa por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, as rendas de ambos terán consideración de rendas computables entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos dous membros da parella.

b) Cando a persoa beneficiaria conviva con ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade (recoñecida polos equipos de valoración de discapacidade), que dependesen economicamente dela, a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivinte economicamente dependente e dividíndoa entre todos eles. Considerarase persoa economicamente dependente aquela que non perciba ningún ingreso.

### 6. AUTONOMÍA PERSOAL

#### 6.1. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA DIARIA

##### 6.1.1. VESTIMENTA (máximo 4 puntos)

Incapaz de vestirse sen axuda	4 puntos
Precisa algunha axuda para vestirse	3 puntos
Vístese só pero incorrectamente	2 puntos
Vístese sen axuda e correctamente	1 punto

##### 6.1.2. ASEO (máximo 3 puntos)

Incapaz de asearse sen axuda	3 puntos
Aséase só pero incorrectamente	2 puntos
Aséase sen axuda	1 punto

##### 6.1.3. ALIMENTACIÓN (máximo 3 puntos)

Presenta problemas de nutrición e é incapaz de alimentarse	3 puntos
Non se alimenta correctamente e precisa axuda	2 puntos
Aliméntase correctamente e sen axuda	1 punto

#### 6.2. ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN E PREPARACIÓN DAS COMIDAS

##### 6.2.1. COMPRA DE ALIMENTOS (máximo 4 puntos)

Non realiza esta actividade	4 puntos
Necesita axuda para a súa realización	3 puntos
Realiza esta actividade só/soa	1 punto

##### 6.2.2. ORGANIZACIÓN DOS MENÚS E SEGUIMENTOS DE DIETAS (máximo 4 puntos)



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Non realiza menús variados e non segue os consellos médicos	4 puntos
Ás veces fai comidas variadas seguindo os consellos médicos	3 puntos
Fai comidas variadas e segue sempre os consellos médicos referentes á súa dieta	1 punto

### 6.2.3. ELABORACIÓN DOS MENÚS (máximo 4 puntos)

Non ten axuda e cóstalle preparalos	4 puntos
Recibe axuda dun familiar, amigo, veciño, S.A.F., etc.	3 puntos
Apáñase só sen ningunha axuda	1 punto

### 7. IDADE (máximo 6 puntos)

Maíor de 81 anos	6 puntos
De 76 a 80 anos	5 puntos
De 71 a 75 anos	4 puntos
De 66 a 70 anos	3 puntos
De 61 a 65 anos	2 puntos
Menor de 60 anos	1 punto

### 8. CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE (máximo 4 puntos)

Igual ou superior ao 75%	4 puntos
Igual ou superior ao 65% e inferior ao 75%	3 puntos
Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65 %	2 puntos

### 9. GRAO DE DEPENDENCIA (máximo 3 puntos)

Grao III	3 puntos
Grao II	2 puntos
Grao I	1 punto

### 10. OUTRAS CIRCUNSTANCIAS NON ESPECIFICADAS (máximo 4 puntos)

Recurso que cubre as necesidades de atención	4 puntos
Recurso complementario doutro/s recurso/s ou do apoio familiar	3 puntos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite de recursos máis axeitados ou a intervención coa familia para que presten apoio	2 puntos
Situación non prioritaria	1 punto

Observacións: neste apartado valoraranse situacións específicas que se estime oportuno considerar, especificadas no informe social, e que non foron contempladas nos parámetros anteriormente establecidos. Para establecer a puntuación terase en conta se no informe social se valorará á adecuación do recurso demandado á situación da persoa interesada.

2. Unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos estipulados nos artigos 4 e 5, e unha vez realizada a baremación tendo en conta o estipulado no punto anterior, procederase á selección das posibles persoas beneficiarias tendo en conta:

Primeiro. Maior puntuación.

Segundo. En caso de igual puntuación, data e número de entrada no Rexistro Xeral do Concello.

## TÍTULO V: DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

### Artigo 12. Dereitos das persoas beneficiarias



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1. Acceder ó servizo e recibilo sen discriminación por razón de raza, sexo, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. As persoas que padezan algunha discapacidade gozarán da protección que lles atribúe a lei e, en todo caso, a prestación deste servizo garantirá a súa plena integración.
2. A consideración no trato debido á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.
3. O tratamento confidencial dos datos de seu historial sanitario e social de acordo co disposto no regulamento (UE) 2016/279 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de datos personales e garantías de dereitos dixitais.
4. A formular reclamacións e presentar suxestións.
5. A recibir unha información clara e completa sobre a organización do servizo e sobre as posibles modificacións sobrevidas.
6. A coñecer a situación do expediente.
7. A deixar de usar o servizo por vontade propia.

### Artigo 13. Deberes das persoas beneficiarias.

1. Informar ao traballador/a social do Concello de Irixoa dos cambios da súa situación social, económica, sanitaria e persoal que poidan dar lugar a modificacións na prestación do servizo, achegando a correspondente documentación cando proceda.
2. Cumprir as normas sobre o acceso, seguimento e utilización deste servizo recollidas no presente regulamento.
3. Colaborar na medida das súas posibilidades no desenvolvemento adecuado do servizo, en función das súas capacidades e nas formas acordadas en cada caso.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Coidar do material e electrodomésticos cedidos pola empresa distribuidora, sendo responsables dos danos e prexuízos que por acción ou ben por omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.
6. En caso de suspensión ou extinción do servizo, a persoa beneficiaria ten a obriga de devolver o material cedido en depósito pola empresa adxudicataria.
7. Aboar a cota mensual fixada para este servizo nos dez primeiros días de cada mes.
8. Asinar o compromiso de contrato para autorizar o acceso a vivenda do persoal repartidor do servizo e comprometéndose a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se lle faciliten. Deberá encontrarse no domicilio os días de reparto de menús; en caso contrario, comunicará coa suficiente antelación un domicilio alternativo de entrega. No caso en que a persoa beneficiaria non o comunique en tempo e forma e se intentase a entrega dos menús no seu enderezo a persoa beneficiaria aboará os menús realizados ata a data do feito.

### Artigo 14. Atención telefónica.

As persoas beneficiarias disporán dunha liña telefónica aberta ininterrompidamente os 365 días do ano para atender calquera incidencia na prestación do servizo: 902.400.429.

## TÍTULO VI:

### CAUSAS DE SUSPENSIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN DO SERVIZO

#### Artigo 15. Suspensión ou modificación do servizo.

1. A suspensión temporal efectuarase nos seguintes supostos:
  - a) Ausencia da persoa beneficiaria do seu domicilio: por vacacións, viaxes, ou ingreso temporal en centros sanitarios/ residenciais por un tempo inferior a 45 días. Este prazo poderase ampliar se está convenientemente xustificado.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

b) Cambio de domicilio no mesmo municipio, mentres non se realice a nova valoración social.

2. Con carácter xeral, a modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderán dar lugar a cambios nas condicións da prestación nas que fora concedida inicialmente. Os cambios circunstanciais en calquera caso, deberán reflectirse no expediente individual.

Artigo 16. Extinción do servizo.

Son causas de extinción do servizo:

- a) Falecemento da persoa beneficiaria, acreditando con documentación tal suceso.
- b) Renuncia voluntaria da persoa beneficiaria ou do representante legal /gardador.
- c) Incumprimento reiterado do pagamento dun máximo de dúas cotas establecidas do servizo.
- d) Incumprimento reiterado da normativa e das condicións establecidas para a prestación do servizo.
- e) Ausencia reiterada do domicilio, sen avisar con antelación e/ou xustificar a ausencia durante nos días de reparto dos menús.
- f) Ausencia do domicilio superior a 45 días e sempre que esta, non este convenientemente xustificada.
- g) Cambio de domicilio a outro concello.
- h) Modificación das causas que deron lugar a concesión do servizo.
- i) Ingreso nun centro residencial con carácter definitivo.
- j) Por precisar asistencia de carácter especializada para as actividades da vida diaria que non corresponde a este servizo.
- k) Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión do servizo.
- l) Cese do Programa.
- m) Outras non reflectidas anteriormente e que impidan o normal desenvolvemento do servizo.

Artigo 17. Procedemento nas baixas e suspensións do servizo.

1. No caso de baixa voluntaria ou suspensión/baixa temporal do servizo, a persoa beneficiaria deberá comunicalo ao traballador/a social do Concello de Irixoa cunha antelación de 15 días naturais, conforme aos modelos establecidos.

2. No caso da suspensión temporal, concretarase sempre que sexa posible a duración prevista da ausencia, que non poderá superar os 45 días naturais agás motivos convenientemente xustificadas

3. Os anexos correspondentes unha vez cubertos remitirase ao departamento de servizos sociais que emitirán o correspondente informe social que reflecta as causas da baixa ou suspensión. O informe será elevado ao órgano competente e a resolución será notificada á persoa interesada e comunicada ao Consorcio.

### TÍTULO VII: FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 18. Funcionamento do servizo.

1. Inicio. Ao comezo do servizo comprobarase, por parte da empresa contratante, que as persoas beneficiarias do servizo dispoñan de microondas, frigorífico, enxoval e calquera elemento adecuado para a preparación e consumo dos xantares.

No suposto de que as persoas beneficiarias non dispoñan de microondas ou frigorífico que se adapte ás necesidades do servizo, poñerase á disposición dos mesmos un microondas ou frigorífico en réxime de depósito.

2. Entrega dos xantares.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- Os xantares entregaranse nun único día á semana. As persoas beneficiarias do programa recibirán no seu domicilio como máximo 7 e un mínimo de 5 bandexas diferentes co xantar para cada día da semana, durante o período en que se atope de alta no servizo.

## 3. Distribución dos xantares.

- A distribución dos xantares organizarase en barquetas individuais de polipropileno apto para rexenerar en microondas e autorizado para estar en contacto cos alimentos, que incluírán no seu interior, primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Os menús serán completos e equilibrados, variados e adaptables ás necesidades das persoas usuarias, aos gustos e hábitos así como á gastronomía local e á época do ano.
- transporte dos menús ata o domicilio das persoas beneficiarias do programa, realizarase en vehículos adaptados mantendo a temperatura e a refrixeración imprescindible.
- horario de entrega dos xantares será preferentemente de 09.00 da mañá a 14.30 da tarde, coas variacións horarias necesarias consonte ao servizo. Comunicarase a cada unha das persoas beneficiarias o día de entrega e a hora aproximada.
- persoal repartidor ensinará a persoa beneficiaria ou a persoa responsable da preparación das comidas o procedemento correcto para preparar os alimentos, de retirar as comidas caducadas e revisar a temperatura do frigorífico. Igualmente informará e asesorará a persoa beneficiaria naquelas cuestións e dúbidas que presente respecto ao servizo.

## 5. Avaliación.

Anualmente realizarase unha revisión xeral dos expedientes abertos, a fin de avaliar o grao de consecución dos obxectivos e adaptación ás necesidades do programa xantar na casa. Valorando a idoneidade da continuidade da prestación do servizo.

## TÍTULO VIII: FINANCIAMENTO DO SERVIZO

### Artigo 19. Financiamento do servizo.

1. O prezo máximo de cada menú diario será o fixado polo convenio asinado co Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a prestación deste servizo.
2. No seu financiamento participará o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o Concello de Irixoa e a persoa beneficiaria a razón de:  
Achega da persoa usuaria (26,67%); Achega do Concello (26,67%); Achega da Xunta ao Consorcio (46,66%).
3. As persoas beneficiarias abonarán directamente á empresa contratista, por adiantado, o importe de cada mensuralidade nos (10) dez primeiros días de cada mes.
4. A empresa adxudicataria emitirá factura mensual para cada persoa beneficiaria do servizo pola cantidade correspondente.
5. Con relación ao abono anticipado da persoa beneficiaria o correspondente mes, as incidencias que puidesen xurdir na facturación mensual tanto en maior ou menor importe a aboar, procederase a axustar as diferenzas dos importes ou aboados ou pendentes de aboar no mes inmediatamente seguinte, procedendo a súa regulación. O Consorcio supervisará eses importes.

### Artigo 20. Supostos especiais de pagamento.

Son supostos especiais de pagamento os seguintes:

- a) No caso de que a persoa beneficiaria non aboase por adiantado a parte do prezo que lle corresponde, o contratista dará conta desta circunstancia inmediatamente ao Consorcio que poderá autorizar a interrupción da prestación do servizo.
- b) No caso de que se comunique a baixa en tempo e forma establecida, non se aboará o servizo durante o período de tempo que dure a baixa temporal. No caso de que a persoa beneficiaria non o comunique en tempo e forma, e se intentasen a entrega dos menús no seu enderezo,



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

a persoa beneficiaria aboará os menús realizados ata a data do feito e poderá ser obxecto de extinción do servizo.

c) No suposto de baixas que non se comunicaron en tempo e forma establecida por motivos de forza maior (falecemento, hospitalización, etc.) acreditadas documentalmente, o importe do servizo aboarase polo Consorcio.

d) Os xantares que non se puideron entregar como consecuencia da ausencia do seu domicilio por parte da persoa beneficiaria por causas imputables á persoa, facturarase na súa integridade directamente á persoa beneficiaria do servizo.

e) No caso de que a empresa que resulte adxudicataria efectuase a entrega fóra da franxa horaria fixada para a entrega á persoa beneficiaria e o servizo non fose recibido por esta, non poderá ser facturado o devandito servizo.

f) Con relación ao abono anticipado da persoa beneficiaria polos servizos a recibir durante o correspondente mes, as incidencias que puidesen xurdir na facturación mensual tanto en maior ou menor importe a abonar, procederase a axustar as diferenzas dos importes abonados ou pendentes de abonar no mes inmediato seguinte, procedendo a súa regularización.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non previsto neste regulamento acudirse ó convenio asinado co Consorcio e no non previsto acudirse á normativa que resulte de aplicación.

A Alcaldía, ou o concelleiro/a en quen delegue, é o órgano facultado para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente municipal de solicitude do servizo “Xantar na Casa” é o Concello de Irixoa. Os datos serán tratados coa finalidade específica da prestación do servizo, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre protección de datos de carácter persoal, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación das persoas interesadas neste servizo.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados serán obxecto de cesión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que é o organismo co que o Concello asinou un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Irixoa. As demais posibles cesións de datos faranse, de ser o caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Irixoa poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o responsable do tratamento dos datos (Concello de Irixoa).

Así mesmo, poderán exercer os mesmos dereitos ante o responsable do tratamento destes datos designado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou órgano que corresponda da Xunta de Galicia.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

A relación do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar co Concello de Irixoa, así como a imaxe corporativa a empregar tanto polo persoal como nos medios cos que se presta o servizo rexeranse segundo as condicións e termos asinados no Convenio.

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente e publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

**4. DEDICACIÓN DOS CORPORATIVOS DO CONCELLO.** As dedicacións parciais de corporativos veñen sendo establecidas dende fai bastantes anos nos orzamentos municipais; actualmente están en vigor, tras anular a dedicación parcial da Tesourería por asumir as funcións secretaría-intervención, as relativas á Alcaldía é a da Concellería delegada de Obras e Servizos; no orzamento municipal de 2019 veñen establecidas do seguinte xeito

CARGO	HORAS/SEMANA	RETRIBUCIÓN/MES
ALCALDÍA	25	1.400 (14 pagas)
CONCELLERÍA OBRAS	25	700 (14 pagas)

A proposta da Alcaldía, tendo en conta a necesidade de incremento da dedicación destes corporativos para cubrir os traballos asignados, é aumentar a dedicación da Alcaldía á categoría de exclusiva e a da concellería de obras en 5 horas semanais, con incremento proporcional da retribución.

Como secretario-interventor-tesoureiro informo de que as limitacións das dedicacións corporativas están establecidas na disposición adicional 35 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para 2018, prorrogados para o 2019, que establece o límite da retribución por dedicación exclusiva, no tramo de 1.000 a 5.000 habitantes, no importe de 41.416,06 €, mentres a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, establece 1 dedicación exclusiva como máximo neste tramo e non impón límites ás dedicacións parciais.

O sr. Boado (BNG) anuncia o seu voto contrario, dado que a política municipal é subir impostos para subir soldos.

Tras o debate sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado por maioría absoluta de 7 votos a favor, 1 en contra (sr. Boado) e 1 abstención (sra. Cal), o seguinte **acordo**:

1. Apróbanse as dedicacións dos corporativos deste concello, quedando do seguinte xeito:

CARGO	TIPO	HORAS/SEMANA	RETRIBUCIÓN/MES
ALCALDÍA	Exclusiva	40	1.800 (14 pagas)
CONCELLERÍA OBRAS	Parcial	30	900 (14 pagas)

2. Publicar no BOP o anuncio correspondente, con ocasión da aprobación definitiva do orzamento do 2020.





## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

5. ORZAMENTO MUNICIPAL 2020: ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS, PERSOAL E BASES DE EXECUCIÓN. Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación do orzamento desta entidade, formado para o exercicio do 2.020 pola Alcaldía; concretamente dáse conta da relación dos ingresos previstos e dos gastos permitidos, das bases específicas, do ámbito do persoal e do informe favorable de secretaría-intervención; mantéñense en liñas xerais as previsións dos orzamentos anteriores, modificándose as dedicacións corporativas e as asistencias (os plenos pasan de 90 a 100 €, e outros actos pasan de 60 a 80 €).

Prodúcese un breve debate sobre algúns dos aspectos previstos no orzamento.

O sr. Boado (BNG) realiza unha serie de preguntas e consideracións sobre o orzamento: diferenza entre o proxecto inicial e o definitivo, limitado gasto na loita contra a velutina, máis subvención para as festas, que as parroquias reciben importes desiguais, redución do importe global, etc.

Indica o sr. Alcalde (PP) que a diferenza de proxectos está na inclusión da solución aos destrozos da tormenta nos sistemas dos depósitos de auga (telexestión e outros, asegurados), que o gasto da loita contra a velutina vai ser superior a 1.000 €, xa que este importe orzamentado é para produtos, pero hai gastos de persoal vinculado e aportación ao convenio que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia, así como que as subvencións por festas tratan de equilibrarse por parroquias, aínda que nalgún caso o número de eventos é superior nalgunha parroquia; en relación á redución do importe global sobre o orzamento do 2019, depende dos proxectos de gasto que inclúa (obradoiros de emprego que incrementan capítulos 1 e 2, así como plans de obras confirmados que incrementa o capítulo 6).

Tras o debate sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado por maioría absoluta de 7 votos a favor e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), o seguinte **acordo**:

11. Considerando que na tramitación do expediente cumpríronse os requisitos establecidos pola lexislación vixente e contén os documentos preceptivos pola normativa aplicable (R.D. Lexislativo 2/2004 e R.D. 500/1990), apróbase inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio do 2020, cunha contía equilibrada en gastos e ingresos de UN MILLÓN CATROCENTOS CORENTA E OITO MIL (1.448.000) euros. O desglose por capítulos será o seguinte:

Capítulo	Denominación	Euros
<u>ESTADO DE GASTOS</u>		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal.....	550.740
2	Gastos en bens correntes e servizos.....	591.900
3	Gastos financeiros.....	1.000
4	Transferencias correntes.....	45.000
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións reais.....	259.360
SUMA TOTAL DE GASTOS.....		1.448.000
<u>ESTADO DE INGRESOS</u>		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos.....	245.000



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2	Impostos indirectos.....	8.000
3	Taxas e outros ingresos.....	154.060
4	Transferencias correntes.....	815.040
5	Ingresos patrimoniais.....	100

### OPERACIÓN DE CAPITAL

7	Transferencias de capital.....	225.800
---	--------------------------------	---------

SUMA TOTAL DE INGRESOS..... 1.448.000

2. Apróbanse igualmente as bases de execución específicas do orzamento do 2020, que complementan ás bases xerais aprobadas por acordos plenarios de 19-1-94 e 20-4-94, coas adaptacións precisas á lexislación vixente; as bases de execución específicas son similares ás aprobadas no orzamento do 2019, agás na base 4ª (as asistencias aos plenos pasan de 90 a 100 € e as de xunta de goberno e outros de 60 a 80 €, así como as dedicacións corporativas, segundo o acordo do punto anterior).

3. Apróbase o plantel de persoal, tanto de carácter funcionario como laboral, co correspondente anexo de persoal. As retribucións do persoal van calculadas co incremento do 2,2% sobre as do ano 2019 (considerando 14 pagas). O resumo do anexo de persoal é o seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO			
Denominación posto	Grupo	Compl. destino	Situación
1. Habilitación Estatal Secretaría-Intervención-Tesourería	A-1/A-2	28	Propiedade
2. Escala de Administración Xeral Administrativo-xefe negociado	C-1	22	Propiedade
Alguacil-Porteira	A-P	11	Vacante - amortización dotación económica
3. Escala de Admnción. Especial Traballador social	A-2	24	Propiedade

  

Nº	Denominación	Observacións
PERSOAL LABORAL FIXO		
1	auxiliar advo-operador informático	Secretaría Xulgado de Paz
1	limpadora de inmobles municipais (6 horas/día).	Vacante, contratado a empresa
1	oficial 1ª advo.-informático	
4	auxiliares de axuda no fogar	
1	operario de servizos varios	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL		
1	técnica deportiva municipal	
1	bibliotecaria e informadora xuvenil	
1	orientadora laboral	subvención autonómica
1	Educadora social	Subvención provincial
1	Auxiliar de servizos sociais	Subvención provincial
4	oficiais 1ª tractoristas POS+ 2020	
2	oficial 1ª albanel POS+ 2020	6 meses (30 horas)
1	peón de obras - POS+ 2020	6 meses (30 horas)



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1	auxiliar SAF (servizos sociais)	4 meses (cubrir vacacións)
=	substitucións por suplencias e incidencias	variable

### PERSONAL DIRECTIVO

Alcaldía	dedicación exclusiva	8 horas diarias
Concellería de obras e servizos	dedicación parcial	6 horas diarias

En relación ás novas contratacións de persoal laboral temporal, considérase que as mesmas son indispensables para un mínimo mantemento dos servizos esenciais, como vías rodadas, servizos sociais e ciclo hídrico, co obxecto de garantir a seguridade, sanidade e benestar dos seus diversos usuarios; prescindir de ditas contratacións ocasionaría un grave prexuízo a ditos usuarios e, nalgún caso, ao propio concello por vía de reclamacións administrativas e xudiciais pola responsabilidade administrativa derivada dos posibles danos a terceiros.

4. Exponse ao público o citado expediente polo prazo de quince (15) días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao art. 169.1 do R.D.Legislativo 2/2004.

5. No suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo, considerarase definitivamente aprobado o expediente, debendo de cumprirse o trámite da súa publicación no BOP (resumo por capítulos e plantel de persoal, tal e como dispón o art. 127 do R.D. Legislativo 781/1986 e o art. 169.3 do R.D.Legislativo 2/2004).

6. Unha vez aprobado definitivamente o orzamento remitirase copia do mesmo á Administración do Estado e á Xunta de Galicia, tal e como establece o art. 169.4 do R.D.Legislativo 2/2004.

6. EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN TERREOS PARA EXECUCIÓN PROXECTO ENSANCHE E MELLORA CAMIÑO PÚBLICO ARUFE- CHURÍO. Dáse conta da necesidade de iniciar o expediente de expropiación para contar con todos os terreos necesarios para executar o proxecto do camiño de Arufe (Churío), incluído dentro do plan provincial POS+ 2020. Por parte do sr. alcalde indícase que o traballo da Asociación de Veciños As Xielas de Churío para obter as cesións necesarias dos propietarios afectados, en beneficio evidente para toda a parroquia, foi moi minucioso e efectivo, pero que se encontrou coa resistencia dunha familia. Como secretario informo dos aspectos legais e de tramitación.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Aprobar a separata para expropiacións do proxecto técnico da obra “Ensanche e mellora camiño público Arufe - Churío”, redactado por José Luís Varela Fernández (enxeñeiro agrónomo), xustificativo da utilidade pública e da necesidade de ocupación dos terreos que se relacionan:

Nº parc expr	1	2	3	4
Referencia Catastral	15040A03800405 0000PD	15040A03800385 0000PU	15040A03800 3940000PG	15040A038003 630000PQ
Paraxe Aproveitamento	Cal do Fatel Monte baixo S Rústico prot Forestal	Arufe Prado S Rústico prot Forestal	Arufe Prado S Rústico prot Forestal	Folgar Monte alto S Rústico prot Forestal
Superficie a	130	385	322	332



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

expropiar m <sup>2</sup>				
Titular catastral	Manuel Díaz Vidal (Herdeiros)	M <sup>a</sup> del Carmen Purriños Vidal (Herdeiros)	José Antonio Cancelo Purriños	M <sup>a</sup> del Carmen Purriños Vidal (Herdeiros)
NIF Semiculto por LOPD	XXXXXX832X	XXXXXX302X	XXXXXX097X	XXXXXX302X

A declaración de utilidade pública ven corroborada ao estar incluída a obra nun plan provincial: Plan Provincial de Obras e Servizos de Competencia Municipal POS+ 2020, aprobado por acordo plenario do 13-12-2019.

2. Seguir o procedemento de expropiación individual para cada parcela, abrindo trámite de información pública polo prazo de 15 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e no taboleiro de edictos municipal; remitir notificación persoal aos interesados afectados pola expropiación, co obxecto de que poidan aportar cantos datos permitan a corrección de posibles erros ou opoñerse á necesidade de ocupación dos terreos necesarios, tanto por motivos de forma como de fondo, mediante escrito fundamentado e xustificado.

3. Interesar da Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos terreos necesarios a expropiar, conforme á Orde do 7-12-1983, cos efectos previstos no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa. A urxencia na ocupación ven motivada pola necesidade de contar cunha adecuada comunicación entre núcleos e parcelas rústicas da zona, xa que actualmente o acceso é moi deficiente e inadecuado para as necesidades de veciños e propietarios.

4. No suposto de non producirse reclamacións ao presente acordo, a relación concreta de bens a expropiar considerárase aprobada definitivamente e o procedemento expropiatorio confirmado, procedendo a remisión da invitación aos interesados para que propoñan un prezo xusto que propicie a adquisición por mutuo acordo, con cargo aos créditos do orzamento municipal.

7. REGULARIZACIÓN CATASTRAL DO VIARIO MUNICIPAL NO ENTORNO DA PARCELA 01500300NH79B0001LJ EN LOUSADA (VERÍS): CONFORMIDADE DE MARÍA JOSÉ PÉREZ ARES. Dáse conta do escrito de cesión dos terreos de uso público en Lousada (Verís), de rexitro de entrada nº 1659 do 8-11-2019 asinado por María José Pérez Ares. Exponse o informe técnico-xurídico sobre o asunto, así como o interese público na regularización catastral do viario público na zona.

Con data do 29-7-2019 iniciouse regularización por acordo plenario, confirmado polo acordo do 25-9-2019 en canto o que afectaba á regularización na parcela 001500300NH79B0001LJ.

A referencia catastral do inmovible afectado pola cesión actual e a seguinte: 001500100NH79B0001QJ, parcela parcialmente urbana con 14.877 m<sup>2</sup> de superficie e 420 m<sup>2</sup> de superficie construída.

A calificación urbanística da parcela é parcialmente de solo de núcleo rural histórico tradicional, segundo o PXOM-Irixoa. O uso público do terreo cedido vense realizado de xeito habitual, permanente e ininterrompido nun período de máis de 30 anos.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa acepta a doazón realizada por María José Pérez Ares, en relación á regularización catastral do viario en Lousada (Verís), previa a correspondente segregación que se autoriza expresamente, co obxecto exclusivo da incorporación legal ao dominio público municipal:

Referencia catastral: 001500100NH79B0001QJ (finca urbana residencial), da que se segrega na parte leste unha porción de 25 m<sup>2</sup> aproximadamente, que dende fai tempo se ven dedicando a viario municipal e uso público, cos seguintes:

Lindes                      Titulares

Norte: Ángel Deibe Porto (Herdeiros de), hoxe María José Pérez Ares

Sur: María Jesús Pico Pico e Jorge Vidal Seijo, con cesión ao Concello de Irixoa (vía pública)

Leste: Concello de Irixoa (vía pública)

Oeste: Ángel Deibe Porto (Herdeiros de ), hoxe María José Pérez Ares

A doazón acéptase coa condición exposta pola doante de que o concello realizará a xestión para a adecuada regularización catastral, asumindo toda a tramitación e os gastos que conleve.

2. Facúltase ao sr. alcalde, Antonio Deibe Sanmartín, para a sinatura de calquera documento ou realización de calquera xestión necesaria para a formalización da doazón en escritura pública.

3. Notificarase o presente acordo utilizando o modelo C-9985 dos establecidos polo concello.

4. Procederase a completar a regularización da situación da parcela e viario, co obxecto de que o catastro reflecta a realidade física na zona.

8. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE OUTUBRO E NOVIEMBRE. Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía nos meses de outubro e novembro de 2019, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remitirase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

O Pleno queda enterado.

9. ROGOS. Dáse conta pola Alcaldía da inclusión dos puntos de rogos e preguntas, que habitualmente resérvanse ás sesións ordinarias, en previsión de que non haxa asuntos para a sesión ordinaria que correspondería para o día 23-12-2019 (o mércores 25 é festivo), non sendo necesaria a súa realización.

Na quenda de rogos preséntanse os seguintes;

1. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) roga ao equipo de goberno que ofrezca aos veciños vías de solución para arranxar os problemas xerais que se detecten (vía bandos, etc.); houbo un problema coa cobertura televisiva, en concreto cos canais de A3 Media, e cada un tivo que buscarse a vida.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Indica o sr. alcalde (PP) que o equipo de goberno está enriba de todos os problemas que afecten aos veciños e se relacionen con competencias municipais; no caso concreto dos cambios de canles na TDT, debido á aplicación do 4º dividendo, estívose enriba do proceso, que obriga a axustar e/ou reorientar antenas, sen que houbera outras chamadas de queixa ao concello; en relación ao problema de cobertura en Penedo (Churío), tivo un erro porque pensou que era de M<sup>a</sup> José Cal do lugar de Penedo e da parroquia de Irixoa, pero que cando a concelleira socialista tivo comunicación telefónica directa con el o asunto solucionouse rapidamente.

2. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) roga que se arranxe a caída dun sinal de stop en Penedo (Churío) debida ao temporal.

3. O sr. Boado (BNG) volve a rogar que se mande o listado de resolucións con carácter previo, como se fai noutros concellos da contorna.

Indica o sr. alcalde que os listados de resolución non é documentación preparatoria para debater e resolver un tema, senón para coñecemento dos corporativos.

10. PREGUNTAS. Na queda de preguntas realízase a seguinte:

1. O sr. Boado (BNG) pregunta por qué non se contesta o seu escrito sobre documentación da aplicación de fitosanitarios polo concello.

Indica o sr. alcalde que este tema foi contestado no pleno anterior e pouco hai que engadir; explica que a normativa non obriga aos concellos a levar un rexistro de compra e aplicación dos fitosanitarios, xa que non é unha explotación agropecuaria; aínda que sería recomendable a contratación dunha empresa especializada homologada, pero sería máis lento e cun maior custo e o concello dispuña de persoal cualificado e material adecuado para esa pequena intervención. Considera que a perigosidade para a poboación e o medio ambiente é superior nos tratamentos da loita contra a vespa velutina e ninguén a pon en cuestión.

Por parte da sra. Cal (PSG-PSOE), sumándose á posición da Alcaldía, indica que ningún concello leva rexistro de produtos fitosanitarios.

Sendo as trece horas e dezaséis minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace  
O ALCALDE